



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), E A ASOCIACIÓN CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA), PARA A CONTINUIDADE DA BUSINESS FACTORY-FOOD (BFFood).

Director do Area de Innovación Empresarial do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), **DECLARA:**

Que este Ente ten previsto formalizar con XESGALICIA e CLUSAGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A continuidade dun Foco de Emprendemento no Sector Alimentario de Galicia (Business Factory Food – BFF) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector alimentario e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Capital-Risco, S.A. (XESGALICIA), e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA), teñen interese en xuntar esforzos e por en común as súas sinerxías e experiencia en prol da continuidade dun Foco de Emprendemento, centro de referencia baixo a denominación Business Factory Food (BFFood), que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector alimentario e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que atraian e reteñan talento, que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional. Que este Convenio, da continuidade, o firmado o 20 de xaneiro de 2022 para a continuidade da Business Factory Food, cun período de vixencia que finaliza o 30 de decembro do 2024.

A Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

A Xunta de Galicia definiu a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia). Esta estratexia para a investigación e innovación en Galicia para o período 2021-2027 está baseada no concepto de Especialización Intelixente. A visión definida



polo RIS3 Galicia concretouse en 3 RETOS; modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento e modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación, e para abordalos definíronse as seguintes 3 PRIORIDADES; sostibilidade, dixitalización e enfoque cara ás persoas. Establécense ademais como ámbitos de priorización; materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sostibles na cadea de valor alimentaria e a alimentación humana saudable e funcional.

IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas polo IGAPE atópase XESGALICIA, a cal é unha empresa pública, que desde o ano 1999 financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, outorgando, como complemento, préstamos participativos ou préstamos comúns a longo prazo a empresas participadas, realizándoo a través da xestión e administración de diferentes e específicos Fondos de Capital Risco e unha sociedade de capital risco.

CLUSAGA é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que representa ao sector alimentario de Galicia. O obxectivo central de CLUSAGA, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en "contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento sustentable e mellora da competitividade e da internacionalización do sector alimentario de Galicia". Ese obxectivo central concrétase no Plan Estratéxico 2021-25 en cinco obxectivos estratéxicos:

- 1. Incorporar as empresas do clúster a estratexia da innovación e a dixitalización.*
- 2. Reforzar a capacidade de adaptación e posicionamento nos mercados das empresas do clúster.*
- 3. Incorporar as empresas do clúster na estratexia da economía circular e a bioeconomía para favorecer a transición cara un sector máis sostible.*
- 4. Impulsar o desenvolvemento de novos procesos e produtos sostibles, alimentos saudables e seguros, e favorecer un consumo máis responsable.*
- 5. Consolidar o liderazgo do clúster no sector alimentario.*

CLUSAGA contempla no seu Plan Estratéxico 2021 – 2025, un eixe transversal cuxo propósito é a transformación dixital e industria 4.0, talento e emprendemento, o cal propónse cumprir por medio das seguintes medidas:

- 1. Creación de talento e mellora da formación (innovación, sustentabilidade e dixitalización).*
- 2. Fomento do emprendemento innovador.*



3. *Impulsar o desenvolvemento de novos procesos e produtos sostibles, alimentos saudables e seguros, e favorecer un consumo máis responsable.*

Co propósito de que BFF sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector alimentario, contéplase a integración dos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación do vertical alimentario en Galicia, que poñerá en común os seguintes recursos:

1. *Recursos humanos e económico-financeiros.*
2. *Infraestruturas físicas adecuadas para as accións para desenvolver.*
3. *Equipamento tecnolóxico e servizos técnicos especializados para a realización de probas, análises e validación.*
4. *Recursos de coñecemento: formación, coaching e mentorización.*
5. *Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas e financiamento, entre outros.*
6. *Contacto con compañías líderes que faciliten acceso aos mercados, validación da proposta de valor e o modelo de negocio e networking, entre outros.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Isaac M. Rosón Sánchez-Brunete

Director de Área de Innovación Empresarial.